Barcelona 30/4/76

Sr. Dn. Xulio Giz Ramil

LUGO.

Moi apreciado amigo:

Acabo de chegar á casa con moitísimos nervios (andamos revoltos con asambleas, paros - hoxe entrou na fábrica a forza pública pra desaloxala e gracias ó sarxento a última hora reemprendeuse o traballo - ésto é "non vivir") o caso é que a boa noticia do El IDEAL que me ofreceu a miña muller encanto cheguéi, fíxome esquecer todos os problemas.

Estóuche moi agradecido por todo.

Fuches moi amable por mandar o artigo a concurso e polas fotos que lle puxeches.

No Centro nono vin porque non ven a edición de Lugo. Sí que vin o teu artigo, que me agradou moito. Se podes mándasmo xunto con outro meu.

O soneto de "Fraga" supoño que non o publicarías porque non mo mandaches.

Pró día das letras galegas publicarase en "Librouro" de Vigo unha colaboración miña encol de Cabanillas.

Debes perdoarme tantas molestias e a letra, que quero levar a carta agora mesmo a "Correos" e moitas graciñas hasta polo ben que imitaches a miña firma

Teu s.s. Manolo